



Memoria de actividades para o 2016

A Asociación Cultural e musical Solfa, un ano máis, presenta a programación para o ano 2016. Como anos anteriores precisamos o apoio dos socios e socias para levar a cabo as actividades aquí programadas.

Antroido nas Fontiñas.

O Centro Sociocultural das Fontiñas organiza a súa I Comparsa do Antroido. Solfa colabora nesta programación cun concerto que dará comezo ás 11.45h. do sábado, día 6 de febreiro coa súa coral e banda de música. Desfile, degustación de chocolate e moita animación marcaron esta festa...

Día de Rosalía de Castro

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) promoveu, un ano máis, a conmemoración o 24 de febreiro, o aniversario do nacemento da autora, do *Día de Rosalía de Castro*. a nosa coral puxo voz a distintos poemas de Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas e Manuel María, baixo a dirección de F. Tobar Cereijo.

Concerto “Irmandade Coral Galiza – Euskal Herria”

Os días *13, 14 e 15 de maio*. *A coral de Solfa viaxará Euskadi convidados polas corais de Monte Txio de Zarauz e Olagarro de Ondarribia.* Devolver a visita realizada por estas dúas corais a Compostela sela o irmanamento das nosas linguas e das nosas culturas. O concerto que realizaremos en Zarauz terá un lugar privilexiado os nosos poetas que son o noso referente: Castelao, Rosalía, Curros, Manuel María e como non a música popular na nosa Galiza.

25 de maio. Concerto especial para os nosos maiores no Centro Sociocultural das Fontiñas e en colaboración coa Cruz Vermella.

27 de maio. Conferencia e concerto en homenaxe a Manuel María con motivo de dedicarlle o Día das Letras.

Xuño. Festa das Fontiñas.

xestionarase a participación nas festas do Barrio cun concerto da coral e a banda de Solfa

27 de Xuño. Concerto da escola de música de Solfa.

No Centro Sociocultural das Fontiñas. Actuacións dos alumn@s de Solfa

Ultima semana de xuño e principios de xullo. Concertos na rúa...

8 de Xullo. Ensaio da banda de música de Solfa e Rábade Begonte en Outeiro de Rei.

9 de xullo. Concerto no museo Manuel María, en Outeiro de Rei.

En colaboración coa Fundación Manuel María, Asociación cultural o Galo estase a xestionar un encontro de asociacións na casa museo de Manuel María en Outeiro de Rei. Un ano máis, Solfa participará coa Banda de Música e Coral neste encontro, ano especial no que a Real Academia Galega nomeou a Manuel María o poeta que se lle decida o Día das Letras Galegas.

Novembro. Encontro de corais.

Organizarase un encontro de corais pasado o verán.

Proximamente vaise convocar asemblea anual da Asociación Solfa, co fin de aprobar a memoria de actividades e orzamentos do ano 2016 e propostas para o 2017. Todos/as aqueles que queirades propoñer actividades para o 2017 sería interesante que nolas fagades chegar. Este ano dedicado o día das letras a Manuel María seguro que tedes propostas brillantes de actividades que podemos realizar. Ánimo;
A directiva de Solfa